



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000007

Ref.: IVCR

DECRETO DE ACTUALIZACIÓN DA LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABALLO) COA CATEGORÍA DE OPERARIO/A E PEÓN/PEOA, APROBADA MEDIANTE RESOLUCIÓN NÚM. 1208/2021, DO 28 DE XUÑO

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 886/2021, do 13 de maio, da concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, convocouse o proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo coa categoría de operario/a e peón/peoa.

A través da citada resolución edilicia aprobáronse tamén as bases reguladoras do proceso selectivo e do funcionamento da lista de espera.

A parte dispositiva do mencionado Decreto, sinala:

"1º) Convocar o proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera para nomear ou contratar persoal coa categoría de operario/a (coa condición de funcionario/a interino/a ou persoal laboral, respectivamente), do Concello das Pontes de García Rodríguez.

2º) Aprobar as bases que rexerán no proceso selectivo e que regularán o funcionamento da lista de espera ou bolsa de traballo.

(...)"

A convocatoria e as bases que a rexen foron obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm. 93, do 20/05/2021 e tamén foron inseridas na páxina *web* municipal e publicadas no taboleiro de anuncios electrónico municipal. Logo de transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, que rematou o 31/05/2021, consonte o sinalado na base núm. 5, ditouse o Decreto núm. 1005/2021, do 3 de xuño, polo que se aprobou a relación provisional do persoal aspirante admitido ao dito proceso selectivo. Na mesma resolución -ao non existiren persoas aspirantes excluídas- elevouse a definitiva a relación inicial ao tempo que se estableceu a composición nominal do tribunal e se fixou lugar, día e hora de realización da proba da fase de oposición.

Concluído o proceso selectivo, o tribunal declara que o superaron as persoas aspirantes que identifica e propón a súa inclusión na lista de espera ou bolsa de traballo.

Na data 28/06/2021, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditou o Decreto núm. 1208/2021, polo que se aproba a lista de espera (bolsa de traballo) de operario/a e peón/peoa. A dita resolución publicouse na páxina *web* municipal e no taboleiro electrónico municipal (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/openams/gl/información/>).

Mediante Decreto núm. 1246/2021, do 6 de xullo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, aprobou o "Programa de carácter temporal para a conservación, reposición e restauración para a protección do ambiente e espazo natural do entorno do Lago das Pontes para o seu uso recreativo, didáctico e divulgativo" (Fondo de Compensación Ambiental (FCA) 2021). Así mesmo, na dita resolución, nomeouse como persoal funcionario interino, na categoría de operario/a, ás seguintes persoas:

Grueiro Lamas, Pedro	***3998**
Rodríguez Freire, Miguel Ángel	***1116**
López Giz, Iván	***3104**
Villasuso Romero, José	***0852**
Feal Allegue, José Manuel	***0759**



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000007

Ref.: IVCR

López Galego, José Manuel	***6506**
Álvarez Pardo, Amadeo	***2096**
Prieto Ramil, José	***0846**
Pardo Rouco, Junior	***4379**
Blanco Pico, Dosinda	***1640**
Fernández Franco, Ubaldo	***3696**
Baonza Suárez, Juan Carlos	***5259**
Blanco Cupeiro, Verónica	***0730**
Prieto Franco, M. Carmen	***0995**
Valcárcel Vilaboy, Fernando	***1481**
Pérez Cal, Jesús	***9359**

Do mesmo xeito, efectuáronse diversas renuncias das persoas integrantes da devandita lista de espera, motivadas no seu nomeamento como funcionarios/as interinos/as para outros programas (PEL-CONCELLOS) ou ben a súa contratación como persoal laboral temporal, entre outras razóns.

De acordo con iso e, de conformidade co establecido nas bases reguladoras do proceso selectivo, procede situar a estes compoñentes da lista a continuación do último integrante da lista primitiva, pola orde decrecente de puntuacións obtidas.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A competencia para ditar a presente resolución -inicialmente atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL)- foi delegada na concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego mediante o Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/96/2019).

Á vista das ausencias por vacacións do alcalde e dos/as tenentes de alcalde durante o mes de agosto, o titular da Alcaldía ditou o Decreto núm. 1323/2021, do 22 de xullo (BOP núm. 140, do 27/07/2021), polo que se establece o calendario de substitucións durante o referido mes.

O Decreto 993/2019, do 24 de xuño, recolle as delegacións de competencias nas concellarías. Neste decreto establécese, no seu apartado 6º), que: “En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento dos concelleiros delegados, esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose para estes efectos exercitada a potestade de avocación en base a esta resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido”.

No día da data, desempeña as función da Alcaldía Vicente Roca Uceira, polo que lle corresponde ditar a presente resolución.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) **Actualizar a lista de espera (bolsa de traballo)** de operario/a e peón/peoa, como se reflicte deseguido:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA(*)	OPOSICIÓN	EXP. LABORAL	TOTAL	OBSERVACIÓNS
GRUEIRO LAMAS, PEDRO	***3998**	APTO	8	3	11	Nomeamento FCA



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000007

Ref.: IVCR

RODRÍGUEZ FREIRE, MIGUEL ÁNGEL	***1116**	SI	8	3	11	Nomeamento FCA
LÓPEZ GIZ, IVÁN	***3104**	SI	7,75	2,97	10,72	Nomeamento FCA
VILLASUSO ROMERO, JOSÉ	***0852**	SI	8	2,65	10,65	Nomeamento FCA
FEAL ALLEGUE, JOSÉ MANUEL	***0759**	APTO	8	1,95	9,95	Nomeamento FCA
LÓPEZ GALEGO, JOSÉ MANUEL	***6506**	SI	7,75	1,28	9,03	Nomeamento FCA
ÁLVAREZ PARDO, AMADEO	***2096**	APTO	6	3	9	Nomeamento FCA
PRIETO RAMIL, JOSÉ	***0846**	APTO	6	3	9	Nomeamento FCA
PARDO ROUCO, JUNIOR	***4379**	SI	7	1,2	8,2	Nomeamento FCA
BLANCO PICO, DOSINDA	***1640**	SI	8	0	8	Nomeamento FCA
FERNÁNDEZ FRANCO, UBALDO	***3696**	SI	5	3	8	Nomeamento FCA
BAONZA SÚAREZ, JUAN CARLOS	***5259**	SI	5	2,25	7,25	Nomeamento FCA
BLANCO CUPEIRO, VERÓNICA	***0730**	SI	5	1,15	6,15	Nomeamento FCA
PRIETO FRANCO, M. CARMEN	***0995**	SI	6	0	6	Nomeamento FCA
VALCÁRCEL VILABOY, FERNANDO	***1481**	SI	6	0	6	Nomeamento FCA
PÉREZ CAL, JESÚS	***9359**	APTO	5	0,75	5,75	Nomeamento FCA
PICO CAAVEIRO, YOEL	***4615**	SI	5	0,60	5,60	
REGO TRASTOY, ANTONIO MIGUEL	***1782**	SI	5	0,40	5,40	
BLANCO CAZÁS, M ^a DOLORES	***1496**	SI	5	0,30	5,30	
GONZÁLEZ BALSEIRO, DELFINA	***1684**	APTA	5	0,25	5,25	
SOTO SOTO, M. EMMA	***4732**	SI	5	0,25	5,25	
MONTERO PICO, MARÍA BELÉN	***8534**	SI	5	0,15	5,15	
CASTRO FREIRE, MARTÍN	***6151**	SI	5	0	5	
FERNANDES FELPETO, ALEJANDRA	***4651**	APTA	5	0	5	
GALEGO GRAÑA, M ^a JOSÉ	***1175**	SI	5	0	5	
MONTES GONZÁLEZ, DIANA	***8585**	SI	5	0	5	
TOJEIRO PITA, DAVID	***0857**	APTO	7,5	3	10,50	Renuncia por nomeamento PEL
BELLAS PICOS, CARLOS	***0550**	APTO	6,5	3	9,50	Renuncia por contratación laboral APROL
FORMOSO BARRO, ARTEMIO S.	***1121**	SI	7,75	0,96	8,71	Renuncia por IT (non xustifica a duración desa situación para manter o lugar orixinario na lista)
BOUZA ARIAS, MANUEL	***1620**	SI	5,5	3	8,5	Renuncia por prestación de servizos fóra do concello
CAL CHAO, PLACIDO	***3825**	APTO	5,25	3	8,25	Renuncia por nomeamento PEL
ANTÓN REGO, JORGE	***6290**	SI	5	3	8	Renuncia por contratación laboral limpeza
RIVERA PIÑÓN, JUAN MANUEL	***6896**	SI	5,5	1,83	7,33	Renuncia por



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Expte. núm. 2021/E001/000007

Ref.: IVCR

						nomeamento PEL
LÓPEZ PENA, ANA MARÍA	***1459**	SI	7	0	7	Renuncia por nomeamento PEL
TOJEIRO FRESCO, CARMEN	***0937**	SI	5	0,9	5,9	Renuncia por contratación laboral limpeza

2º) **Publicar** a presente resolución na páxina *web* municipal e no taboleiro electrónico municipal (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/openams/gl/información/>).

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación, segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificado a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando a persoa demandante a elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderá impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-administrativo que corresponda, a teor da elección permitida á persoa demandante polo artigo 14.1, regra segunda, da meritada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura dixital

O alcalde en funcións

Vicente Roca Uceira